

Guía turística

Chantada, corazón de Galicia

Como chegar a Chantada

Chantada, cabeceira de Comarca, integrada tamén polos concellos de Taboada, e Carballedo, está en Galicia, ao suroeste da **provincia de Lugo**. Limita ao norte con Taboada, ao sur con Carballedo, ao leste con O Saviñao e Pantón, e ao oeste coa provincia de Pontevedra. Os seus límites naturais son a Serra do Faro (oeste) e o río Miño (leste).

Accesos:

Dende Vigo pola A-52 ata Ourense, seguir pola N-525 ata enlazar coa N-540 destino Lugo. Dende A Coruña ou Ferrol pola AP-9 ata Santiago, seguir pola AP-53 ata saída 50; continuar por PO-533 ata CG-2.1 e saír a LU-213. Acceso dende A Coruña por AP-9 dirección A-6/Lugo, seguir por A-6 e tomar a saída 488. Por último, incorporarse a A-54 e N-540 ata destino Chantada.

Situación:

42° 36' 36" N
7° 46' 16" W

Superficie:

176,7 km².

Poboación:

INE 2019:
8.192 habitantes



Aeroporto




Estación de tren



Autoestrada ou Autovía










Corredor de Galicia

Estrada Nacional
ou Comarcal



Municipio de Chantada

-  Ermita
-  Igrexa Románica
-  Mosteiro
-  Pazo ou Casa Señorial
-  Embarcadoiro
-  Torre
-  Peto de Ánimas
-  Castro Candaz
-  Festa de interese turístico
-  Entroido Ribeirao
-  Miradoiro
-  Conxunto Histórico
-  Ponte
-  Oficina de Turismo

-  Calzada Romana
-  Calzada Romana
-  Camiño de Santiago
-  Camiño de Santiago
-  Zona de Bodegas e Viñedos
-  Zona de Ribeira
-  Zona LIC
-  Estrada Nacional ou Corredor de Galicia
-  Estrada Provincial
-  Estrada Comarcal
-  Estrada Secundaria
-  Río ou Rego



▼ Os Peares



#9

Un pouco de historia



A montaña

#15

Chantada, corazón de Galicia



#17

A ribeira



As Festas

#23



Gastronomía

#39



#35

Ocio e sendeirismo



Arquitectura

#41

"Castro Candaz emerge das profundidades durante períodos con escaseza de chuvia "

Un pouco de historia

Chantada conserva restos que remontan á Idade de Pedra (dolmens e mámoas), e abundancia de castros prerromanos. Coa romanización, estes emprazamentos mantiveron o seu carácter defensivo, que en moitos casos perduraría durante a Idade Media (Torre de Arcos), ou foron cristiанизados con ermidas ou mosteiros (San Salvador de Asma).

Do encontro do mundo castrexo **coa invasión romana xurdiron lendas** como a da campa de Sangoñedo, ou a do Castro Candaz, emblemático castro en Pedrafita (hoxe no encoro de Belesar). **Pegada romana** son as pontes de Belesar e A Ponte, e os chamados "codos", tramos da Via Nova que unía Astorga con Braga.

"Chantada rexistra gran puxanza na época medieval, como testemuña a abundancia de casas brasonadas, pazos e torres"

Xa **no século IX, o Castro Candaz foi refuxio ante os normandos**, e logo ante os árabes de Almanzor. A presión musulmá na Península impulsa o monacato con intensidade. Destaca o mosteiro de San Salvador de Asma (s. IX) que exercerá grande influencia sobre estas terras e os seus nobres, con frecuentes disputas legais polo control económico da bisbarra.

Chantada rexistra **gran puxanza na época medieval**, como testemuña a abundancia de casas brasonadas, pazos e torres. Este pulo diminuíu debido ao proceso de castelanización da nobreza emprendido polos Reis Católicos, e que afectou a toda Galicia. Como no resto do país, Chantada viviu as consecuencias do **auxe xeral propiciado no século XVIII** co desenvolvemento da economía vinculada aos pazos e que quedou de manifesto, entre outras cousas, na ampliación e mellora dos templos parroquiais. Este período remata coa **invasión napoleónica**, que agrava as dificultades do agro no século XIX. No caso de Chantada, os dominios desamortizados pasan a ser propiedade dunhas cantas familias, que dende entón controlarán o poder político e económico da vila.

*Un pouco de
historia*



Pazo do Piñeiro

Un pouco de historia



*"A emigración masiva a
Cuba a finais do XIX é unha
das máis altas de Galicia"*

Este desequilibrio social incrementábase coa **emigración (unha das taxas máis altas de Galicia)**, que a finais do s. XIX diríxese masivamente a Cuba. O negocio das remesas de divisas e a xestión das viaxes propiciaron **o xurdimento en Chantada** da Banca de Soto. E o retorno destes emigrantes trala crise de 1929 impulsou unha mellora xeral. Este dinamismo trasladouse á política, coa aparición do movemento agrario-rexionalista, e das diversas cabeceiras de prensa local (das máis destacadas de Galicia).

As **novas condicións económico-políticas** do s. XX deron lugar, coa paréntese da guerra civil, ao desenvolvemento de importantes industrias de curtidos (tres grandes fábricas), lactocárnicas e, máis recentemente, vitivinícolas.



"O Monte do Faro é o punto máis visible de toda Galicia"

A

montaña

Chantada presenta tres unidades paisaxísticas: a serra do Faro (ao oeste), o val do Miño (ao leste) e a depresión central de Chantada.

O seu clima é oceánico de interior, con certa continentalidade térmica nas serras e máis mediterraneizado nos fondos da ribeira. As montañas frean os ventos húmidos e diminúen a pluviosidade.

Espazo natural protexido: Monte do Faro (2.988 ha.)

Lugar de Importancia Comunitaria e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Concellos de Carballedo, Chantada e Rodeiro.

Con 1.187 m. é a maior altitude da Dorsal Meridiana galega de natureza granítica. Trátase dun cumio redondeado e de suaves ladeiras, abundantes extensións de mato e bosque que acolle diversos hábitats, con toxos, monte baixo e importantes carballeiras.



"Os viticultores desafían á vertixe en escarpadas ladeiras coa colleita ao lombo. Chámano viticultura heroica e produce viños únicos"

A

ribeira

O val do Miño ocupa o curso medio-alto deste río, condicionado polos encoros de Belesar e Os Peares. Principais afluentes ao seu paso por Chantada son o río Asma, Lama e Enviande.

No tramo Belesar-Chantada, o Miño rexistra un profundo encaixamento de 300 m. de desnivel respecto á zona chá.

As particularidades do microclima das ladeiras solleiras do val do Miño favorece o cultivo da vide. Para aproveitar as condicións ambientais e vencer a salvaxe orografía, enchéronse as ribeiras de socalcos, contendo a terra con "muras". Debido a esta intervención sobre o terreo, e á escasa mecanización que admite este traballo, as tarefas desenvoltas neste espazo déronse en chamar "viticultura heroica".



Viticultura heroica na Ribeira Sacra



O cultivo da vide (sobre todo de uva mencia) e a elaboración de viño colleu novo pulo coa constitución en 1996 da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, na que se diferencian cinco subzonas: Amandi, Ribeiras do Miño, Quiroga-Bibei, Ribeiras do Sil e Chantada. Esta última, que conta cun bo número de adegas que elaboran un viño de excelente calidade, abrangue dez parroquias: Pedrafita, Pesqueiras, San Fiz, Belesar, Líncora, Camporramiro, Santiago da Riba, A Sariña, Nogueira de Miño e Sabadelle, e tamén parroquias doutros concellos.



A
ribeira




Encoro de Belesar



"O encoro de Belesar, creado en 1963, foi unha das obras de enxeñaría máis importantes de Europa"



1, Alameda / 2, O Sangoñedo / 3, Campo da Feira Vello / 4 e 5, Paseo Fluvial do río Asma / 6, Miradoiro Terra Branca



Encoro de Belesar:

Foi unha das obras de enxeñaría máis importantes de Europa. Ocupa 50 kms do leito do Miño, cunha altura de 129 m. Anegou extensións de terreo, pertencentes a sete concellos. Supuxo unha gran modificación na paisaxe e no clima da zona.

Espazos urbanos:

Paseo fluvial do río Asma
Alameda, paseo fluvial
Área recreativa do Sangoñedo
Campo da Feira Vello

Miradoiros:

Líncora (42.599564, -7.732406)
Terra Branca (42.564013, -7.729021)
Cabo do Mundo (42.562396, -7.7102860)
Sernande (42.542218, -7.7157540)
Faro (42.621392, -7.897572)



As festas

Durante todo o ano en Chantada podemos gozar de diversas feiras e festas gastronómicas, etnográficas... Animámosvos a descubrilas, saborealas e sobre todo a sentilas en primeira persoa!

Feira do Viño de Chantada: (Segunda fin de semana de marzo)

Desde 1983 organízase esta feira, que abre o calendario de eventos vitícolas na Ribeira Sacra, e que ademais de dar a coñecer os viños da DO Ribeira Sacra, pon en valor o modo de vida destas terras baseado na tradición do cultivo da vide.

Dentro da súa programación inclúense habitualmente catas comentadas, postos das bodegas participantes e actuacións musicais (charangas, pasacalle, orquestras e grupos tradicionais).

"A Feira do Viño de Chantada é unha cita destacada do calendario gastronómico galego"

"O Entroido Ribeirao, de gran riqueza etnográfica, celébrase en catro xornadas: domingo lambedoiro, domingo corredoirol, domingo de entroido e martes de entroido"

Entroido Ribeirao:

É un dos entroidos máis antigos de Europa. Estivo a punto de esmorecer, pero nas últimas décadas recuperouse en Santiago da Riba.

Recrea a escena dos cobros das rendas señoriais, onde participan os Volantes (=señores), os Peliqueiros ou maragatos (=gardiáns), e os Mecos (representan os "oficios"). Os Peliqueiros abren paso coas súas correas aos Volantes, que portan na cabeza os "puchos" (de grandes dimensións, recubertos de flores de papel, e dos que colgan cintas, que reciben o nome de "colonias"), visten traxe amarelo e vermello e un cinto cheo de campaiñas do gando. Os Peliqueiros, con pelicas e roupa farrapenta, atizan a quen moleste aos Volantes. Os Mecos son os encargados de representar escenas satíricas dos oficios e roles sociais.







As

festas

"Declarada Festa de Interese Turístico en 2002 e Ben de Interese Cultural en 2018"

Folión de Carros (sábado anterior ao cuarto domingo de agosto)

Integrado no calendario das festas patronais de Chantada, é unha das exaltacións etnográficas máis destacadas da Península Ibérica. O Folión de Carros é unha celebración de orixe descoñecida na que diferentes *pandillas* representan escenas antigas ligadas coa cultura da comarca de Chantada: traballos agrícolas (*malla, sementeira, fiadeiro, etc...*), oficios e labores relacionados coa transformación de todo tipo de materia (panadeiros, canteiros, carpinteiros, ferreiros, etc...), celebracións festivas (*baile da vela, romaría do San Lucas, romaría do Faro, etc...*), actividades comerciais e produtivas tradicionais (feiras, fábricas, locais de envasado, cafés, etc...), ou varias destas en conxunto.

As *pandillas* crean elas mesmas as estruturas sobre soportes móbiles (carros tradicionais ou plataformas de ferro) que despois desfilan polas rúas de Chantada, tiradas por unha xugada de vacas ou bois, a noite do Folión nun ambiente marcadamente festivo.





Festas patronais (Cuarta fin de semana de agosto)

Festa da Empanada (Martes das patronais)
Comida campestre protagonizada pola empanada ("Martes da empanada")

Feiras do mes (5 e 21 de cada mes)

Produtos agrícolas, transaccións de gando, maquinaria e artigos diversos.

Festas das parroquias
Celebracións do santo patrón de cada parroquia.

Castañado Rock (entre finais de outubro e principios de novembro)

Festival de música rock no que tamén se realizan actividades paralelas (castañazo infantil, xogos bravús, cantos de taberna, magosto...) www.castanhazo.com

Subida automobilística a Chantada (a data de celebración é variable) www.escuderiachantada.com

Romaría do Faro (15 de agosto e 8 de setembro)

Semana do Cinema (Terceira semana de agosto)

Mostra de Teatro Popular (Cuarta semana de agosto)

Feira das Cabras de Merlán (Terceiro domingo de setembro)

Romaría do San Lucas (18 de outubro)

Foto 1 e 2, Feiras do mes / 3, Romaría do Faro / 4, Subida a Chantada / 5, Castañazo Rock / 6, Festa da empanada



As

festas



Ocio e sendeirismo

A paisaxe que nos brinda Chantada é espectacularmente atractiva para quen se anima a descubri-la a través das súas rutas.

Catamarán

Percorrido polo río Miño, no encoro de Os Peares, pasando polo meandro que forma o “Cabo do Mundo”, un dos lugares máis espectaculares da Ribeira Sacra.

Durante o traxecto é posible observar a configuración dos viñedos en bancais, entre os que asoma algunha igrexa románica e varias aldeas de ribeira, de gran beleza.



Reservas e información turística: www.reservas.rutasembalses.es/ ou no tfno.: 982 260 196.

Camiño de Inverno a Santiago

O Camiño de Inverno é unha ruta de peregrinación a Santiago de Compostela, pola que optaban moitos peregrinos, sobre todo na época invernal, para evitar os cumes nevados do Cebreiro.

Este camiño, entrada natural a Galicia dende a meseta, presenta a peculiaridade de que atravesa as catro provincias galegas.

Ao seu paso pola Ribeira Sacra, o tramo final do Camiño de Inverno dentro da provincia de Lugo, discorre integramente polo municipio de Chantada.

i *Etapa: Belesar-Monte do Faro. 20,9 kms. Dificultade media.
Dende o lugar de Belesar, algúns dos puntos principais desta ruta son: A Ermida, Queixeiros, Alemparte, Líncora, A Portada, Chantada, Centulle, Boán, Lucenza, Vilaseco, Penasillás e O Faro.*

Ruta de Santa María de Pesqueiras

Este pequeno percorrido circular lévanos ata a igrexa románica de Santa María de Pesqueiras, situada nas proximidades do encoro de Belesar.

i *(3 km) Dificultade baixa.*

Ruta dos viñedos de Belesar

Esta ruta parte da aldea de Belesar e transcorre pola beira do río Miño. Trátase dun percorrido sinxelo, con moi pouca pendente. Recomendacións: durante a época da vendima o traballo nos viñedos dálle un encanto especial. No outono, o colorido das viñas e das follas das árbores crean unha estampa única.

i *PR-G 183. Belesar-A Veiga (4,6 km)*

Ocio e
sendeirismo





"Os pratos fortes de Chantada son os do típico receitairo galego: polbo á feira, lacón con grelos, cocido, embutidos e carne de tenreira"

Na gastronomía, mención especial merece o viño, que conta con Denominación de Orixe Ribeira Sacra. O seu cultivo nesta zona, que se remonta a fai máis de 2.000 anos, hoxe é un importante motor de desenvolvemento económico e un poderoso sinal de identidade. Pero ademais Chantada é pioneira en España na produción de sidra ecolóxica que se elabora segundo o proceso orixinal das antigas sidras celtas e que xa se colocou en mercados internacionais. Así mesmo, obtéñense exquisitos licores e augardentes, elaborados con excelente materia prima.

Aínda que non é a bebida o único produto culinario que fai grande a esta localidade. Chantada, como centro xeográfico de Galicia, é unha zona movida principalmente polo sector primario, por iso se atopan producións de gran calidade no referente a hortalizas, carnes e lácteos que se poden degustar nos restaurantes e casas rurais da zona. Tamén destaca a produción de queixo procedente de vacas Jersey en pastoreo, o que o converte nun produto único.

Sobresaen na localidade outros produtos moi valorados e de gran calidade como os cogomelos, as cereixas, as castañas e o mel. Orixinalidade, tamén na produción de galletas mariñeiras, unha adaptación moderna do "pan ou biscoito de barco".

Así mesmo, é preciso recordar, produtos tradicionais como a empanada ou a torta de améndoa artesá nos que a calidade de ingredientes utilizados é a base para conseguir un bo resultado.



Arquitectura

Chantada convida á reflexión nun marco natural de gran beleza onde se alternan ladeiras de viñedos con bosques de carballos e castiñeiros, que medran á beira do río Miño, recreando unha das paraxes máis fermosas da Ribeira Sacra.



Ao abrigo desta marabillosa natureza, consérvanse importantes igrexas románicas, ademais doutras mostras relevantes de arquitectura civil.

Debido á gran profusión de templos románicos e mosteiros que floreceron por toda a Ribeira Sacra, considérase que este territorio aglutina a maior concentración de románico rural en Europa.

Espazos urbanos:

O casco histórico de Chantada, un espazo de gran valor arquitectónico, conserva fermosas construcións entre as que destacan as situadas na Praza do Cantón, Praza do Mercado (Casa de Lemos) e nos soportais das rúas Comercio e Dous de Maio.

"As casas do casco histórico de Chantada son sinxelas, erixíndose as máis antigas sobre soportais seguindo os patróns da arquitectura civil galega"



Arquitectura relixiosa:

Chantada conserva un importante número de igrexas románicas espalladas por todo o municipio e unha pequena mostra disto son as que se mencionan a continuación:

Sta. M^a de Pesqueiras (Pesqueiras).

Declarada Monumento histórico-artístico en 1950.

Templo románico con nave rectangular e ábsida semicircular. Ventás laterais con arcos de medio punto, decoradas con capiteis de motivos vexetais. Destaca a ornamentación da porta lateral, así como os canzorros. No interior, conserva pinturas murais con escenas da Anunciación, o Xuízo Final, e a Resurrección.

San Salvador de Asma (O Priorato, San Salvador de Asma).

O edificio, que data do s.XII (con reformas posteriores), formou parte das dependencias do mosteiro de San Salvador de Asma. Consta de nave rectangular e ábsida semicircular articulada en panos, separados mediante semicolumnas adosadas. Destaca a decoración das ventás, e a colección de canzorros, de variada ornamentación. No muro norte consérvanse pezas graníticas, da etapa prerrománica. No interior, sobresaen o artesoado e o retablo principal, de estilo renacentista.

Sta. M^a de Camporramiro (A Eirexe, Camporramiro).

Templo que data de principios do século XIII (sancristía e campanario posteriores) e unha das poucas igrexas que presenta o conxunto románico orixinal.

Destaca a ornamentación exterior da súa cabeceira, principalmente a disposta en capiteis e métopas. Así como a porta principal e a do muro sur.



Sta. María de Nogueira de Miño (A Eirexe, Nogueira de Miño).

Templo románico de finais do século XII con fachada reconstruída no século XVIII e torre campanario da mesma época. Presenta cabeceira recta con ventá completa ricamente decorada e nave única con cuberta a dúas augas. No muro sur conserva portada románica con tímpano decorado sobre dúas ménsulas zoomorfas.

Na cornixa sur obsérvase unha serpe ou anguía que persegue un peixe e variados canzorros con decoración animal e xeométrica.

O seu interior atesoura fermosas pinturas murais de estilo flamenco e manierista realizadas por diversos mestres ao longo dos séculos XV e XVI. A policromía cobre por completo a cabeceira e a nave, todas elas restauradas recentemente. Representan o Xuízo Final, a Resurrección de Cristo, a Asunción, a Anunciación, a Oración no Horto, o Prendemento e a Flaxelación.

Outros estilos de arquitectura relixiosa:

Igrexa de Sta. Mariña (Praza do Mercado, casco histórico).

Sobresae pola súa fachada neoclásica, de catro pilastras, sobrio entablamento e frontón partido, do que parte a base da torre, de forma cadrada e cun segundo corpo octogonal, rematado nun cupulín.

Ermida do Faro (O Faro, Chantada).

A construción actual é resultado dunha reedificación do s. XVII, con reforma da fachada en 1726. Centro dunha multitudinaria romaría de gran tradición, que xa aparece mencionada nas cantigas do trobador do medievo, Xohán de Requeixo.

Directorio de servizos

Edición: 1º, Xuño 2020 © Concello de Chantada, Concellería de Turismo

Realización: ta ta comunicación / **Fotografías e textos:** Pedro Agrelo, Roberto Agnete, Mar López Sotelo, Roi Fernández, Manuel Valcarcel, Marga P. Díaz, Segundo Navaza Blanco, Asociación "Amigos do Folión", Restaurante Pulpería "Os Pendellos", CRDO Ribeira Sacra e equipo de redes sociais do Concello de Chantada.

Agradecementos: O Concello de Chantada quere agradecer publicamente a Marisé Rey Álvarez, Xabier Viana e Begoña González Aguiar a súa colaboración na edición desta guía.

Imprime: Sgraf / **Depósito Legal:** LU 116-2020

Está prohibida a reprodución parcial e/ou total dos textos, mapas e imaxes desta publicación, sen a previa autorización da entidade editora e dos autores e autoras.

Concello de Chantada

+34 982 440 011

Praza de España 1

Oficina de Turismo

+34 982 441 752

Praza do Mercado s/n
(Casa de Lemos)

Casa da Cultura

+34 982 441 752

Praza do Mercado s/n
(Casa de Lemos)

-Biblioteca Pública
Municipal

-Oficina de
Información Xuvenil

-Oficina de Turismo

Casa da Xuventude e Punto de Inf. Xuvenil

+34 982 870 258

Rosalía de Castro 1

Policía Municipal

+34 657 063 779

Formoso Lamas 8

Garda Civil

+34 982 440 003

Barrio da Santa Mariña s/n

Urxencias PAC

+34 982 441 254

Avenida de Monforte 79

Taxis

+34 982 440 512

Praza de Galicia s/n

Oficina de Correos

+34 982 440 362

Avenida de Monforte 42

Farmacias

-Ana Mª Méndez Rojo

+34 982 440 932

Xoán XXIII 39

-J.R. Fente Sampayo

+34 982 440 006

Comercio 23

-C./G.Taboada

+34 982 440 225

Avenida de Ourense 17

-J. Fdez Pérez

+34 982 440 893

Avda. de Lugo 11

Chantada en internet:

@ConcellodeChantada

@turismo.chantada

@ChantadaConcell

@turismochantada

www.concellodechantada.org

www.ribearasacra.org





CONCELLO
DE CHANTADA



DEPUTACIÓN
DE LUGO

PLAN **ÚNICO** ²⁰¹⁹
PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE
COOPERACIÓN COS CONCELLOS
DA DEPUTACIÓN DE LUGO



Ribeira  Sacra